

¡Galicia! Nai e señora,
sempre garimosa e forte;
preto e leixos; onte, ago-
(ra,
mañán... na vida e na
(morte!

R. CABANILLAS

A nosa terra

Ano XXX

BOS AIRES, MARZAL - ABRIL 1946

Núm. 446

PRINCIPIOS DO
GALEGUISMO
1- Galicia, unidade cul-
tural,
2- Galicia, pobo autónomo
3- Galicia, e o municipio
cooperativa,
4- Galicia, célula de uni-
versalidades.

CASTELAO, MINISTRO

Reconocimento da Persoalidade de Galiza

Dacordo co que reza no despacho telgráfico que reproducimos noutro lugar, o señor Giral, Presidente do Goberno republicano, pideulle consentimento a Castelao para incluír o seu nome na lista dos novos ministros, cos que tenciona ampliar o gabinete a fin de darlle un meirande valor representativo. Esta resolución do señor Giral é tan lóxica, tan axeitada a realidade galega, que tería de verse coma un feito natural, por ser evidente a persoalidade política de Galiza, e indiscutíbel o carácter representativo de Castelao. Non embargantes, o feito produxo unha forte impresión, unha sacudida xeral, que compre comentar.

Demáis está decir que, aínda que o posto, que a Castelao se lle ofrece, non é nada envidiábel n-istes intres, os autonomistas atopamos razóns fundamentais para sentirnos satisfeitos, e apreciamos n-isa desinación, tan lóxica e xusta, un verdadeiro trunfo das nosas patrióticas arelas.

En troques, as xentes que, por afán imperialista, por ruindade e por infortuna voutaria quixeran descoñecer a Galiza os seus atributos nacionais e a súa persoalidade política, non poden disimular a súa derrota moral nin o seu pesar.

Hai o mundo alleo a istas dúas posicións, que aínda non tomou partido por uns nin por outros, máis que se aten aos feitos consumados, inclinándose diante das súas mudas afirmacións. Iste grande mundo, que fai de espectador do noso drama político, é o que se atopou, de mans a boca, con un feito novo para el: a realidade da Nación Galega.

O xenio de Castelao como artista civil, percorrera o mundo. As súas "Estampas de Guerra" levaron a traxedia galega deica os corrunchos máis apartados. Máis a xente concebía ise xenio e isa traxedia coma cousas humanas, d'un valor xenérico, sin acertar a encarnalas n-unha persoalidade nacional, que desconocía. Até se chegou a pedir-lle permiso a Castelao para pu-

blicar as "Estampas de Guerra" tirándolles os pes escritos en galego, coma se o noso martirio, por ser martirio d-unha nación inñorada, non poidera servir de mostra da ferocidade totalitaria, e de espello a door humano.

Hai, pois, un despertar xeral a realidade, a unha realidade na que non se reparaba, aínda que estaba a vista de todos. E a realidade galega, a realidade



da Nación Galega. Máis é unha realidade que se trascende a si mesma, pois plantexa d'un xeito imperativo e inmediato o problema do federalismo estatal, e do entendimento e da simbiose peninsular.

Galiza vai a aitar con persoalidade propia. Se non fracasan as xestións de Giral, e Castelao chega a tomar parte aitiva no Goberno, Galiza quedará incorporada a un futuro político hispanol e peninsular que levará a marca galega no seu realismo, na súa comprensión, no seu pulo progresista e no seu senso

A Reorganización do Goberno de Xiral

O presidente republicano hispanol, D. Diego Martínez Barrio, acaba de firmar dous decretos nomeando dous novos ministros para integrar o gabinete do Sr. Xiral: Castelao e Santiago Carrillo. O primeiro será o representante de todos os partidos antifalanxistas galegos e o segundo o representante do partido comunista.

Dícese que serán nomeados máis ministros, representantes republicanos moderados e de dereita; pero, polo de agora non

Telegramas Cambiados entre Giral e Castelao

22-Marzo-1946

Alfonso Rodríguez Castelao

Ampliando Gobierno entrada comunista federal derecha republicana ruégole acepte puesto representación galleguista stop Conteste calle 21 Boulevard Jourdan Saludos cordiales

José Giral

23-Marzo-1946

José Giral

Acepto representación honrosa en Gobierno su presidencia estimulado además por deseos fuerzas interior y confianza colectividades gallegas América stop Agradecido salúdole cordialmente

Castelao

se conocen nomes.

D. Fernando de los Ríos, que obedece as inspiracións do Sr. Prieto, renunciou ao cargo de ministro de Estado, por motivos de salud. Deseámoslle que se mellore axiña.

Tamén ían a entrar no ministerio o presidente de Euzcadi, Sr. Aguirre, e o de Cataluña, Sr. Irla; pero D. Indalecio opúxose terminantemente a tal desinación, porque... ¡era anti-constitucional!, e amenazou con

retíralle a súa protección ao goberno. Polo visto, para o Sr. Prieto todo é anticonstitucional menos o plebiscito.

Pese a todol-os tropezos e sabotaxes, o goberno republicano vaise afirmando, e unha vez que esté constituído por todol-os grupos que loitan pola restauración da República, será recuñecido, sen dúbida algunha, pol-as principais potencias do mundo.

Prieto Versus Giral

Con tesón, con fé e sentimento republicanos vai o señor Giral removendo obstáculos e sorteando dificultades para lograr a formación d'un goberno ampliamente representativo, que salve, na súa esencia, a legalidade republicana, e poida, ao remate da nosa longa traxedia, facer que brile limpa e pura a lus de xustiza.

E difícil poñer as cousas no seu canto. Os valores confúndense na mixtificación da linguaxe. As concencias van coma balanza tola d'un extremo ao outro sen atopar axeitado equilibrio. Os principios xa non rixen; soio contan as conveniencias. Goberna aos estados un xiado egoísmo que tolle todo impulso humano, que poda as asas ao ideal e afoga os sentimentos xenerosos. A vida trocouse n'unha feira de tramosos. A razón non ten un valor en si. Escóitase ao que máis berra, ao que sabe imporse a forza de meter barullo. A afirmación é o grande argumento do día. Sobor da afirmación móntase o sofisma e arréase para diante sen dar volta a cabeza a mirar atrás:

lao leva detrás de si unha forza e unha autoridade innegabais. Outra cousa hubiera sido si o Consello non tivera, tanto en Galiza como fora de ela, o prestixio necesario para ser recoñecido como o auténtico representante de todol-os partidos antifalanxistas galegos.

a treu con todo.

N'un ambiente así non resulta fácil atopar quen queira dialogar en base aos valores morales, aos impoderábeis intereses do espírito. Aínda se se tratara d'uns puzos de petróleo.

A pesares d'elo, o señor Giral vai furando entre o neboeiro de confusións, guiado pola lus da súa fé, con paso medido, tanteando o camiño para non dar un traspé. O barullo da feira apaga a súa voz. As gargalladas dos traficantes poden máis que o peso das súas razóns. Non embargantes, il sigue adiante, pasenño, pasenño... Detrás d'il vai a fé d'un povo magoado polo destino, e a traición d'un ambicioso que pon reparaos constitucionales ao Goberno e tenciona entenderse co enemigo esmagando d'un pisotón as autoridades legais, a constitución e o ideal de xustiza polo que deron a vida tantos mártires. A fé dun povo que non claudica, que sabe morrer e sabe vivir por un ideal. A traición d'un abicioso que, por falla de moral e por falla de fé, non é senón un feireante mais. En cada encrucillada ha de tropezar o señor Giral coa súa soma do traidor; i'en cada intre de dúbida sentirse ha alentado polo exemplo e lealtade do povo.

Asistimos a un torneo entre o entregador e o defensor da República: Prieto versus Giral.

Os Feitos Damos a Razón

No número de A NOSA TERRA correspondente ao mes de xaneiro pasado, escribemos un artigo titulado "O noso deber". Nel deíamos que todo hespañol republicán, calquera que fose a súa ideoloxía, tiña a obriga de acatar o goberno de Xiral, anque non estivera conforme coa súa composición. Era mester rodealo do máximo respecto para que puidera ser recoñecido pol-as grandes potencias, tendo de esa maneira a eficacia debida. Pois, ¿qué respecto podería inspirar un goberno comba-

tido pol-os mesmos a quenes pretendía representar?

E idéntica afirmación facíamos referente ao Consello de Galiza. Este organismo, que se había constituído antes do goberno de Xiral, co beneplácito dos galegos da América, como o demostrou o aito celebrado en Montevideo, e coa simpatía dos galegos que sofren na súa propia terra, era o uheco que estaba en condicións de aitar en nome de Galiza i entablar relacións con Euzcadi e Cataluña.

Por eso, decíamos nós, había que

prestarlle o maior apoio para que a súa laboureira tivera o éxito desexado. E mal galego sería aquel que, por envexa ou custións persoais, atacara a entidade que, con outro senso patriótico, loitaba pol-os nosos ideais de autonomía e república.

A razón que nos asistía ao falar dese xeito, queda demostrada pol-os acontecementos. O Consello de Galiza acaba de recibir a súa consagración co nombramento de ministro do seu presidente. Ao integrar o goberno de Xiral, Caste-

Informe da Irmandade Galega de Bos Aires

N-iste intre crítico para o porvir do réxime republicano e para a cristalización en realidade das nosas arelas autonomistas, a Irmandade Galega de Bós Aires estima oportuno dirixirse es demais Irmandades de América a fin de impolar da marcha xeral do noso movemento, tanto no interior coma no exilio, e das iniciativas que esta entidade central, baixo a outa inspiración do Consello de Galiza, tenciona acometer moi axiña.

O MOVIMENTO EN GALIZA

As nosas xentes do interior están perfectamente organizadas e artelladas entre si formando a Alianza Democrática Galega. Estas forzas atópanse avencelladas aos movementos de Galeuzca e da Alianza das Forzas Democráticas de Hespaña. Unha representación de Galeuzca do interior (un galego, un vasco e un catalán) pasou a Francia a fin de estudar as posibilidades republicanas. O representante galego levaba ademais a misión de conquistar un posto no goberno Giral para Galiza, coa indicación de que a persoa que acadaba o asentimento unánime das xentes do interior para tal posto era Castelao. Estamos informados detalladamente das condicións que priman en Galiza, en Hespaña e en Francia polas relacións que teñen chegado ao Consello de Galiza. Polo d- agora as xestións do representante galego teñen acabado boa acollida. Elo débese en grande parte ás condicións eiseccionaes do devandito representante, á cordial axuda dos ministros da C.N.T. e a solidariedade de Galeuzca, e tamén a boa disposición de Giral e Martínez Barrio. As nosas aspiracións atopan, en troques, a máis teimosa oposición de parte de Indalecio Prieto, que odia a Galiza con ferocidade africana. Non embargantes o fervor galeguista espertado na Terra, e dun xeito especial na xente moza, fainos mirar con fé o porvir, inda que hoxe haxa que confrontar serios perigos por falla de unión e firmeza nos persoeiros da República, e polo cerril centralismo de moitos deles.

A GALIZA EMIGRADA

A coledividade galega do Plata ten a obriga de ser guieira da Galiza emigrada, a que, a súa vez, está chamada a gravitar de xeito decisivo no porvir do noso povo: no seu rexurdimento nacional, no seu desenrolo económico e no renacemento e difusión da súa cultura.

Ista obriga das xentes galegas do Plata vai sendo cumprida con realizacións que día a día conqueren maior transcendencia, e que fan de Bós Aires e Montevideo fogares da galeguidade máis acesa, que polarizan as miradas, as inquedanzas e a fé patriótica dos nosos emigrados.

Xa é moito o que se leva feito, máis elo nada sinifica en comparanza do que falta realizar. Compre, esencialmente, artellar o movemento patriótico galego de toda América e facelo confluír nun grandeiro plan cultural, social i-económico que movilice total-as vontades, todos os recursos e todas as aptitudes, deica leválos a un máisimo rendimento. Hai que facer un movemento integral e solidario das nosas colonias entre si e d-el-as coa Terra. Para elo a Irmandade Galega de Bós Aires planexa unha conferencia de Irmandades galegas que estude os medios de aitar o movemento irmandiño como paso previo a conyocatoria d-un Congreso da Galeguidade, no que o devandito plan debería ficar artellado e posto en marcha.

OBRAS DE CASTELAO

Entre os traballos que están en marcha no Plata, figuran en primeira liña a edición de dúas interesantísimas obras de Castelao, que pronto ficarán postas a venda. Trátase do "Libro de Cruces", publicación monumental, que conta con máis de dous mil dibuxos, e na que se recollen os froitos de dez anos de pacentes investigacións; e de unha luxosa edición do album "Estampa de Guerra" e as do album "Nos". É, a publicación d-istas dúas grandes obras, un meritório esforzo que reportará a coledividade galega do Plata un dos seus meirandes motivos de orgulo.

O periódico "A Nosa Terra", de vella tradición autonomista i-escrito na nosa fala, ven publicándose mensualmente e servindo de voceiro oficial ao movemento nacional galego. É de ausoluta necesidade que as súas páxinas refreixen as aitividades dos patriotas galegos de toda América, así coma facer máis frecuente a súa publicación. Elo demanda a colaboración periodística, noticiosa i-económica de todos os núcleos de irmandiños. A tal fin a Irmandade de Bós Aires circulará moi axiña un proleuto de labouira coordinada de todas as irmandades.

GALEUZCA

A colaboración política de galegos, vascos e catalans, orixinou o movemento denominado Galeuzca, que hoxe ten conquerida unha grande forza no interior, e conta con núcleos aitivos en casi todos os países de América resindindo o seu principal centro propulsor en

O Momento Internacional

O CASO DE HESPAÑA

Todos creíamos que ao terminarse a guerra co trunfo das nacións unidas, o dictador hispano correría a mesma sorte que os seus amados compinches: Hitler e Mussolini. Desgraciadamente, non foi así. O alemán e o italiano recibéron o seu castigo; pero o Caudillo sigue pavoneándose con todo cinismo e chamándose máis liberal que Riego. Fernando VII non o faría mellor.

A famosa Carta do Atlántico xace esquecida nalgún fayado e ningún se lembra dela. ¿Para qué? ¿Para chorar as ilusións perdidas? Deixemos en paz aos mortos.

Os Estados Unidos e Gran Bretaña atópanse moi atareados na loita con Rusia para disputarse o dominio do mundo, e non poden descender a minucias como son as cousas de Hespaña. Ademais, ¿quén sabe si non necesitarán algún día da axuda do xeneralísimo? E' unha reserva anticomunista non despreziable. Polo de agora, recordando o dito de D. Quixote, é mellor non menealo. Antramentras non aclare —dirán

eles—, preferibel é que siga gobernando, ou desgobernando, en Hespaña a canalla feixista.

A concencia puritana dos ingleses e norteamericanos dase por satisfeita coa inxenua invitación aos hespañes de derrubar a Franco; pero ao mesmo tempo manteñen con él excelentes relacións e axúdano economicamente en todo o que poden. Isto produce un sensación de asco, que enche o espírito de amargura.

Menos mal que un se reconforta vendo a atitude de Franca, decidida e valente, insistido en levar o asunto hespañol á O.N.U. e chegando ao cerre da fronteira pirenaica para non ter relacións comerciais cos indeseabais falanxistas. I eso que os franceses non se atopan moi fartos de alimentos para permitirse o luxo de despreñar os que poderían sacar de Hespaña.

Temos que agradecer tamén aos nosos veciños as consideracións que lles gardan ao Sr. Martínez Barrio, a Xiral e a todos os políticos republicáns que disfrutan da cordial acollida da nación

francesa.

Rusia, en troques, está calada e nada se alvisea respecto á súa futura situación en col do problema hespañol. Salvo algunha manifestación da axencia "Tas", condenando o foco feixista que aínda perdura na península, non hai noticia de ningunha intervención da súa parte neste asunto desgraciado.

Por outra parte, o ex infante D. Xuan adícase a dirixirle cartas ao Caudillo, reclamando o trono que tan torpemente ocupou seu pai; pero o teimado xeneral fáille o mesmo caso que ás notas de Norteamérica e Inglaterra. Isto parece un xogo entre bobos.

Haberá que esperar a que se despexe a situación internacional para ver en que acaban tantas intrigas. Porque é de supoñer que algunha vez se acabarán e se tomará unha decisión sobre o réximen falanxista. Costa creer que, despois de tanto falar de democracia e de liberdade, se consinta que o povo hespañol non poida eispresar a súa vontade, porque a uns señores, gobernantes de nacións tiduadas liberais e democráticas, se lles antoxe manter a un único usurpador, baixo o pretexto de que non se debe intervir na política interna das nacións.

Pero, ¿acaso non sabe o mundo enteiro que o povo hespañol foi domado coas armas e os exercitos de Alemaña, Italia e Marruecos? ¿Cómo se vai él a liberar pol-os seus propios medios si hoxe atópase máis desamparado que cando loitaba contra o nazi feixismo, coaligado cos traidores da súa patria? Para ser xustos, así como entón houbo unha intervención extranxeira a fin de matar a República, outra intervención debería haber agora para restaurala. E ningún hespañol, por orguloso que fora, se había de ofender a causa de elo, pois sería o mesmo que o que está metido nun pozo rechazara a axuda que alguén lla quixera dar.

Deixémonos de hipocresías; gase craramente que se teme a que poida suceder en Hespaña despois da caída da situación actual; pero que non se invoquen principios xurídicos nin de ningunha outra elás para xustificar a infamia meirande que se pode cometer con un povo.

Por fortuna, temos unha fe en ga nos destínos da humanidade, e confiamos que, ao final, serán desbaratadas todas as maniobras que se fagan para soste a un vulgar asesino, que debería estar sentado no banquillo dos acusados de Nuremberg.

POLONIA ROMPE CON FRANCO E RECOÑECE A XIRAL

Parece que do Ourente nos virá a lus dun novo sol. Polonia acaba de romper relacións con Franco e de recoñecer ao goberno de Xiral, afirmando ao mesmo tempo que está disposta a levar o asunto hespañol á O.N.U.

Esto da motivo a pensar que Rusia comenza a desplegar a súa estratexia en contra do feixismo peninsular, o único que queda aínda sen recibir o seu castigo.

E nomeamos a Rusia, aunque ela non aparece, porque imaxinamos que o goberno polaco non haberá dado ese paso tan decisivo sen contar con anuencia do seu poderoso veciño, a quen o liga unha íntima amizade.

En Madrid tal decisión causou un efecto desolador no ambiente falanxista. Os periódicos arremeteron contra o comunismo, a a quen achacan todos os seus maes, e o Caudillo pronunciou un discurso ante un grupo de ex combatentes, presidido

por Xiron, lanzando anatemas contra dos que según él, non o queren deixar vivir en paz, por que están envidiosos da felicidade que reina en Hespaña. ¡O paraíso terreal!

MORREU LARGO CABALLERO

Don Francisco Largo Caballero, o grande e infatigábel loitador socialista hespañol morreu no exilio dempois de penosos sufrimentos físicos e moraes.

Non tivo a sorte de voltar a Patria nin de vela liberada da opresión. Foise levando na i-alma o acedo sabor das inxustizas que choven arreo, sin acougo, sin fin, sobre dos povos malfadados, feridos por un destiño implacábel, que sofren desterro de fronteiras afora ou no propio chan nativo.

Niste intre, no que egoísmos e hipocresías van ocupando o canto ben gañado por outos e humáns ideaes, caeu o vello loitador ferido no corpo e ferido na i-alma.

Pousemos con agarimo a beira da súa foxa fría e da súa i-alma triste o tributo dos nosos respetos, a nosa ofrenda aos puros ideaes que aínda os povos de Hespaña aloumiñan no seo, coma unha derradeira esperanza, coma unha quimeira xa sin valor na feira do mundo.

¡Qué friaxe se sente diante da morte dos nosos eisilados; a beira disas foxas onde se enterran, cos mortos, os valores supremos da vida!

VISITA DO SIÑOR XESUS CANAVAL

Por moi curtos días tivemos entre nos ao señor Xesus Canaval, o grande patriota galego e grande industrial, xerente e principal propietario e propulsor da importante empresa papaleira IPUSA do Uruguai.

O señor Canaval pasou na compañía dos irmandiños de Bós Aires, e do Presidente da Irmandade de Mendoza, intres gratísimos para todos.

Nos derradeiros días de marzal emprendeu o benquerido visitante viaxe de retorno a Montevideo sendo portador de agrimosos saúdos dos irmandiños de Bós Aires para os nosos correlixionarios que alí manteñen acesa a chama do patriotismo galego.

Bós Aires. A difusión d-iste movemento debe ser preocupación preferente das Irmandades procurando a colaboración con cataláns e vascos e aitivando a circulación da revista "Galeuzca", que é o seu órgano doutrinario e de propaganda.
Bós Aires, Abril de 1946.
J. B. Abaira, secretario Daniel Calzado, presidente

Fábrica de Sobres

Fotográficos y Radiográficos para el Comercio y la Industria

Pedro F. Darrigol

M. DE OCA 202 - 3° F.
U. T. 23 - 9081

Camisería de medida fina

PREZOS BÓS

BRIGO

Sáenz Peña 14 - Bós Aires

Dentro da Simbiose Hespañola ou Fora Dela

POR A. ALONSO RIOS

Hai que arremeter de firme es-
contra d'unha postura que xa ven
resultando un novo lugar común.
Hai quen parece "condicionar"
os nosos dereitos nacionais; os di-
reitos que asisten a Galiza, pare-
llos aos de calquera outra nación,
a gobernarse por si mesma.

Léñese casi a cotío aispresións
deste estilo, cuásique todas elas
feitas en castelán: "El derecho de
Galicia a su autonomía dentro del
Estado Español"; ou: "Galicia
tiene un perfecto derecho a su au-
todeterminación como elemento in-
tegrante de un Estado peninsu-
lar"; ou "Una autonomía compa-
tible con la integridad de Espa-
ña".

Debemos aclarar, por adiantado,
que nos parece moi ben que se
mantéña a integridade de Hespa-
ña; e, mellor aínda, que se con-
quirá a unión de todol-os povos da
Península nun soio Estado, en vez
de haber dous, coma hoxe, ou cin-
co, como pode ocorrer maña se
chega a imporse o criterio sepa-
ratista do señor Ximénez de Asúa.

Máis, iste anxeio de unión, que
estimamos moi cordo, e do que é
bando esperar grandes ventaxas
para todos —ventaxas de todo or-
de e da máis outa valía — iste
anxeio, repetimos, non pode ser
posto como condición previa ao re-
coñecemento dos dereitos da Na-
ción Galega. Pois Galiza ten derei-
to a ser libre, a súa autodetermi-
nación, *cúmplase ou non se cum-
pla o ideal unionista*. Galiza ten
dereito a súa autonomía dentro ou
fora do actual Estado hespañol, e
dentro ou fora de un Estado pe-
ninsular. O dereito de Galiza a
sua liberdade é consustancial co
seu ser nacional; e as leis polí-
ticas, as cartas constitucionais re-
sultan tan impotente para crealo
coma para matalo.

Unha cousa é afirmar un gran
ideal, eispresar un outo afán de
superación, e outra m'í distinta
recoñecer un dereito natural: un
dereito que non pode ser tirado
por outros nin renunciado por un
mesmo, *aínda que non se faga uso
d'el*.

Hai galegos centristas, que non
queren que funcione o dereito na-
tural da Nación Galega, e que
sosteen a comenencia e a posibi-
lidade de uniformar aos povos hes-
pañoles e de facer que se rixan
polas mesmas leis. Iste galegos
aseméllanse a fillos que desexa-
ran impor tutela a seus pais para
obrigalos a un xeito de vida alio
ao seu libre e natural modo de
ser.

Afortunadamente xa quedan
poucos galegos que pensen diste
xeito. A grande maioría dos nosos
paisanos son autonomistas. Pen-
san que o réxime autonómico ten
de beneficiar a Galiza e a Hespa-
ña. E discurren encol dista co-
menencia, sin reparar na impor-
tancia do dereito en si, alio as
circunstancias d'un intre calque-
ra. Ista maneira de enfrontar o
problema é a que leva a formular
o noso dereito autonómico d'un
xeito condicionado, que parece
deixalo supeditado ao cumplimen-
to de circunstancias alleas a súa
existencia.

O dereito de autodeterminación
non depende do proveito que dil
poida tirar Hespaña, nin Galiza
mesma. Trátase d'un dereito na-
tural que non se podería negar
aínda que coubera a posibilidade
de que chegara a sere incoemen-
te para Hespaña e para Galiza.
Da mesma maneira que a liberta-
de dunha persoa pode perxudicar-
la a ela ou aos seus, e non por iso
se descoñece o dereito da liberta-

de persoal.

O dereito autonómico, pois, hai
que recoñecelo, afirmalo e soste-
lo d'un xeito incondicional. *Gal-
iza ten dereito a súa autonomía,
sexa o que sexa e pase o que pase*.
E en uso d'ise dereito, Galiza
xunguirase a outros povos, ou se
pararse d'iles, según os galegos e
ises outros povos libremente o
acorden e conveñan.

Afirmado e feito recoñecer a
respetar o dereito natural do ente,
do ser nacional a súa autonomía;
este ente autonómico, que n'iste
caso é a Nación Galega, atópase
no caso de poder, facendo uso de
ise dereito incondicionado, acor-
dao que estime máis comente en
relación cos outros povos de Hes-
paña, de toda a Península ou de fo-
ra d'ela.

Outra cousa sería se non se tra-
tara d'un dereito natural; se a
autonomía fose unha concesión
graciosa de algunha entidade su-
perior; pois, n'iste caso, tal con-
cesión podería estar supeditada a
estas ou aquelas condicións. Máis
non se da esa circunstancia, por
ser Galiza unha Nación, e, como
tal, atoparse naturalmente inves-
tida do dereito de autonomía.

Pol-o que vai dito, os autono-
mistas partidarios da unión soio
poderán discutir cos separatistas
por razóns de comenencia; pois
o dereito autonómico, que é o
principio fundamental, debe re-
sultar tan sagrado para uns co-
ma para os outros.

As Caras Largas do "Centro Republicano Español"

Os galegos do "Centro Repu-
blicano Español", que son alí os
máis e os millores, deben dar-se
conta d'isas caras sombrizas e
alongadas que delatan a deceu-
ción de certas almas flaxeladas
pol-a envexa.

Cando o "Centro Republica-
no Español", con todo iste no-
me rumboso, ocupaba un cuar-
tíño na sede da "Federación
de Sociedades Gallegas" da rúa
de Salta, eran os intres nos que
a nosa coledividade sacudía ao
Novo Mundo de punta a punta,
n'aquél grandeiro movemento de
galeguidade republicana que sal-
vou do primorriverismo as co-
lonias hespañolas de toda Amé-
rica. E, ao "Centro Republicano
Español", que d-aquela foi un
mero testigo (tanta era a súa
insignificancia) da grande semen-
teira republicana, como lle gos-
ta recoller hoxe o froito d'ela,
caladidamente; e con que fa-
chenda, e con que vaidade, ten
o desenfado de pavonearse por

NON HAI QUE XOGAR CON FICCIONS

En Galiza deixou de existir
"Izquierda Republicana"

Hoxe en Galiza, entre as for-
zas políticas e sindicais que ai-
tuan na clandestinidade, non hai
ningún partido nin agrupación
galega ou hespañola que leve
o nome de "Izquierda Republi-
cana". Os informes, tanto ofi-
ciaes coma particulares, que
chegan do interior, non fan re-
ferencia ningunha aos vellos
partidos políticos: Os partidos
de "Izquierda Republicana",
"Unión Republicana", "Radi-
cal" e "Radical-socialista", nin
siquera son nomeados nos de-
vandidos informes.

Os republicanos galegos están
artellando o Partido Republi-
cano Galego Autónomo, e atópan-
se integrados na Alianza De-
mocrática Galega, ao través da
que manteñen relacións con
"Galeuzca" e cos partidos polí-
ticos do resto de Hespaña.

Todas as denominacións polí-
ticas que aínda siguen usando
algúns republicanos eisilados,
son perfectamente anacrónicas
e sin ningunha relación con a
actualidade política do povo gale-
go. En Galiza non existe máis
partido político hespañol que o
Socialista. Todol-os demais par-
tidos son auténtica e autonómi-
camente galegos.

No estaría mal que tomaran
nota d-lo os republicáns galegos
que andan a meter barullo e a
sementar confusión entre os
nosos emigrados.

dianete de quen fixo o traballo!
Eiquí, coma alá, os galegos
fixemolo Maio, e os mozarabes
fan o Agosto.

E hoxe aínda lles doi que con
Galiza se empece a facer xusti-
za, e non-o poden disimular.

Velahí isas "jetas" alonga-
das, que algo queren decir. E os
nosos paisanos do "Centro Repu-
blicano Español", que son alí
os máis e os millores, non farían
mal en cismar un pouco encol
dos "nobles sentimientos" que
as fan esterricar. Pois a nosa xe-
nerosidade e a nosa dozura non
deben chegar a tanto que nos
troquemos en mel e nos deixe-
mos chuchar pol-as moscas; que
en pago, nos deixan como agra-
decimento as suas car. ricias,
tan propias disas xentes coma
indíñas de seren toleradas por
quen se estime merecente de os
tentar con orgullo o nome de ga-
lego.

FUNGUEIRO ATOMICO

DENDE CHILE.—

Lembrando a Vilar Ponte

por Manuel Celso Garrido

Unhos rapaces do Caramiñal, for-
tes e rexos coma carballos de vinte
anadas, loiros e bariles cal antergos
retños da céltiga raza aventados polo
mundo, que tamén andan a peregrinar,
desterrados, por esta beira dos Andes,
faláronme nunha sobrececa con espiri-
tual recolemento iademifación daquél
home da nosa caste que morreo fai
agora dez anos: Antón Vilar Ponte.
Era de ver estes mozos mariñeiros,
mesclando a anédoxa coa descrición,
en verbas que lles saían da boca a borbo-
tóns i en xestos de recatada anguria

que non podían evitar, con qué unión
desenterraban da névoa morna dos re-
cordos esta lembranza garimosa do es-
greio patriota galego:

— "Foi Vilar Ponte un dos nosos
máis grandes homes, que a cotío iba
espallando con intelixente e volunta-
riosa xenerosidade o ideal branco i-azul
da redención galega. Vimol-o moitas
veces na compañía de Castelac pol-os
eidos queridos, traballando i educando
politicamente aos nosos paisanos, ambos
e dous ensumidos na inxente tarefa de
facerlles comprender a súa importan-

¿Dond-estan Aqueles Mozos?

Fai moito tempo que se ven notando, na nosa coledividade,
a-usencia, a inoperancia, a falla d'autividade ou, se ben se mira, a
deserción de moitos rapaces galegos. da labouza patriótica, da acción
galeguista, na que, tempos atrás, se lles tiña visto actuar con resolu-
ción, amosando unha nobre inquietude, dando a impresión de que se
propoñían chegar a ser guieiros e que non farían abandono do posto
honroso. que tiñan conquistado.

Agora os tempos son malos, pro. non o poden ser tanto que seian
de degradante apostasía, non poden sel-o tanto coma pra dar a im-
presión de que se renuncia á loita e se deserta das patrióticas ringler-
ras pra coller unha postura acomodaticia, ou furtarse a posibles pe-
rigros, deixando egoistamente que os afronten outros.

O certo é que, agora, pouco, ou cuase nada, se ve ós rapaces que
denantes semellaban ser portabandeiras d'un ideal de redenc. i galega.
Non se lles ve actuar e aínda cuase non se lles atopa por ningures,
nin siquera no café donde tiñan, algunhos, a costume de despelexar
ós ausentes. Agora deben facer esa labouza na casa, seguramente; qui-
zabes teñen medo ¿ou. será que xa non son rapaces i-ós anos lles pesan
moito enriba dos corpos? Quizabes é a velléz, pro, en todo caso, non
hai peor velléz qu-a do espírito.

Agora semella que todos aqueles mozos de fai quince anos, de fai
dez, de fai cinco, morreron. ou se chamaron a silencio, quen sabe por
que razóns. ¿Qué pena!

Pena, porque agora se ve que todas aquelas estridencias, aqueles
arroutos, aquel rebúmbio i-aquel "patriotismo" de que se facía gala
non era tal, non pasaba (pol-o que agora se ve) de ser unha postura
elegante, un xeito oportunista de chamar a atención, unha maneira de
pasar por patriotas, un finximento d-algo que non se sentía d-abondo
fundamente como pra ter vontade de seguir adiante por moito tempo,
sin desmaiar, sin desertar, sin esquencerse do vello ideal patriótico.

Esa chamada a silencio, ese eclipse, ese abandono i-ese esquence-
mento da labouza que s-escomezou a facer e que non se seguiu, é, nin
máis nin menos, que unha deserción. ¿Qué se fixo de toda aquela mo-
cedade que, hastra foi poucos anos, semellaba ser algo así com-o tabe-
socrático que mantiña desperta á nosa coledividade? ¿Dónde está a-
ra toda aquela xuventude? ¿Quizabes se convertiu n-un fato de des-
creídos, de escéuticos ou desilusionados? ¿E que non tiñan fé ben en
razada? ¿Ou é que tiñan tomado o patriotismo com-un deporte que
solo se practica na xuventude e s-esquencia cando a vida entra na mo-
turdade? ¿E que se fixeron vellos tan axiña e xa non teñen arroutos,
nin estridencias nin nada de todo o que, n-outros tempos, lles facía
aparecer como cheos d-inquedanzas i-ateigados de patrióticos anxeios?
Todo aquilo de denantes ¿non foi máis que "fror d-un día"?

Eu confeso que me magoa o ver como agora todos aqueles homes
desapareceron do campo da loita, como se esconderon, por decil-o así,
como non se fan ver nin amosan ningún desicio de voltar ó reulo ca-
miño do patriotismo de que fixeron gala nos pasados tempos.

¿Dónde están aqueles nacionalistas de fai quince anos i-ós auto-
nomistas de fai dez anos, i-ós fatos extremistas, i-ás mocedades de fai
uns cantos anos? ¿Por qué ese alongado calar? ¿Velléz espiritual? ¿Co-
menencia? ¿Medo? ¿Imposicións allás? ¿Qué?

¿Galicia aínda non se redimeu! ¿A República aínda non voltou!

¿Aínda non temos Autonomía, nin liberdade política!

¿Aínda impera na Hespaña a dictadura feixista!

¿Aínda non hai democracia en Hespaña!

¿Aínda é perciso seguir loitando porque non tiveron realización

os ideais que nos son queridos!

¿Aínda hai que conquistar a redención de Galicia e d-Hespaña!

¿Hai que voltar á loita, rapaces; hai que voltar ás "sagras fu-
rias", hai que voltar a sentir as nobres inquietudes, as patrióticas are-
las, a ter arroutos de varilidade, a ter estridencias de xuventude, a ser
mozos i-a decir a todas as horas unhas verbas d-amor i-unha oración
de patriótica esperanza no altar da patria galega.

¿Qué facedes agora? ¿Por qué calades? ¿Dónde-estodes que non se
vos ve nin se vos escoita?

¿Xuventude destrelas! Sigue brillando. Fala. Dí o teu prego ou
a túa braxería. Fala. Calar n-esta hora e cousa de cobardes ou de
treidores i-ós galegos ben nacidos non poden ser ningunha d-estas cousas.

AVELINO DIAZ

cia no mundo i-a outa significación do
noso espírito inmortante no celme da
cultura universal. Soio fixo unha cousa
mal: morrer tan axiña. Galicia perdeo
co-il un dos seus millores fillos, dos
que mall-a querían e dos que máis
traballaran por empurrar-la como foso
por vieiros clares de progreso, de cul-
tura e de dignid. auténticos."

Escoiteinos con atención, ensumido
a miña vez en fondos cavilamentos,
porque tamén naquél intre sentía eu
a dor aguda do seu desaparecemento
coído que o acordarme que Antón Vi-
lar Ponte adicou a súa vida enteira,
cultura toda de are as nobre, coma
daquél amigo benquerido que o fran-
quismo asesinou nos comenzo do noso
calvario; Alexandro Bóveda, o servizo
da nosa Terra, cara que ollaban am-
bos coas máis fixas, penetrantes i-apa-
sionadas miradas da ialma. E lembrei
tamén que o esperar ideolóxico i-a
reita acción da xuventú galega dos úl-
timos tempos, o volcarse do cheo na
tarefa política, moito lle deben, entre
a outras causas de todos coñecidas, a
labouza de Vilar Ponte, principalmen-
te os artigos que dil limos con embe-
becimento nas páxinas cultas de "El
Pueblo Gallego", de Vigo, xurnal que
fundara outro irmán que moito nos
honra no mundo donde fai tempo: Por-
te-la Valladares, nas que colaboraba
arrio con verba clara i-erudita.

Moito nos doco os galegos o desapa-

recemento do esgreio patriota, e den-
do día da súa morte, a figura de Vilar
Ponte aseméllanos un corpo celeste
pandurado no horizonte dos nosos
sentimentos, que sigue brillando coma
laxeante a trela do Norte na vida po-
lítica de Galicia a forza de haber
queimado n-la o aceite vivificante da
súa propia vida, acesa sempre a lám-
para da inquid. patriótica e creado-
ra.

Correra mundo, e coma nós sabía
das angurias do desterro. O seu espí-
ritu seguirá alentándonos lo seu exem-
plo martillando nas nosas concencias
pra empurrarnos a acción: Galicia en-
dexamái será com-hastraquí, prohiba
e noxenta, nin os galegos cuitados que
dan lástima e ispiran caridá. Non.
O noso dereito, que é o dereito de Ga-
licia, é simplemente a no-a vontade,
porque é unha razón de dereito
político universal que os dereitos dos
povos sen sementes as arelas dos seus
fillos. Ouzao ben quen lle conviñer.

Aínda as verbas de outro galego
ilustre fan tromber de patriótica ambi-
ción os "bos e xeneros" de sempre
cando collen conciencia do que son:

"Namentras a sangre vibre
en beizos e coranzón...
a esperanza de vel-a libre
é iste berro: "REDENCION!"
¿Cómo nos d-catamos agora da fa-
la que nos facía hoxe Antón Vilar
Ponte!

Homaxe ao Irmán M. Cacheiro Rei, Presidente da Irmandade de Mendoza

Animada Reunión no Pazo Galego

A presenza do irmán Cacheiro Rei, Presidente da Irmandade Galega de Mendoza, entre os galeguistas de Bos Aires, dou ocasión a brillante mostra de simpatía que a nosa colectividade lles adicou a el e a súa dona ao recibilos e agasallalos no Pazo Galego.

Na noite do sábado, día 23 deste mes que remata, xuntáronse máis dun centear de persoas nunha cea cordial e sinxela servida no honor de tan diños e benqueridos visitantes.

Persoeiros e afiliados de todas as grandes entidades galegas: o Presidente do Consello de Galiza e a súa dona, Presidente da Cámara de Comerciantes Republicanos Españoles, Presidentes do Centro Orensano, do Centro Pontevedrés e da Irmandade Galega, Secretario Xeral da Federación de Sociedades Gallegas, prosecretario do Centro Gallego de Buenos Aires, da Sociedade ABC de Coreubión, etc., tomaron asento na cabeceira da mesa a beira do posto de honor que ocuparon os agasallados.

Nun ambiente de grande animación decorreu aquela cea, animada por recordos da Terra, polas ilusiones do mañán, que xa se escomenzaban a materializar n-aquel Pazo alí a beira do Plata, e polo agarimo que inspiraban os irmáns diños de Mendoza que se sentían perto, coma participando n-aque-la comunión, na que tan diña e lealmente os representaban o irmán Cacheiro e a súa dona.

As donas puñan o ton da súa presenza delicada, animada, amena e de grande locimento; e as bandeiras galega e arxentina deitaban dende a cabeceira do salón, que presidían, as notas da irmandade cordial que xungue a galegos e arxentinos.

O segredario da Irmandade de Bos Aires, señor Abraira, fixo a presentación dos agasallados, sinalando que n-iste intre, que non chamaria crucial porque todos os intres deben de ser para os galegos de loita sen acougo deica conquerir a liberdade da Terra, il saudaba na presenza do irmán Cacheiro un paso máis cara o entendimento i —estreita unión dos emigrados galegos que han de axudar aos irmandíños do interior a crebar as cadeas con que nos aferrola o centralismo. Centralismo que comparten co ditador Franco e con falanxe moitos que pretenden pasar por demócratas.

Deseguida o señor Calzado, presidente da Irmandade, fixo ofrecemento da demostración.

"Irmán Cacheiro: Eu no nome da Irmandade Galega de Bos Aires, e no meu particular, doulle a vosté e a súa dona a ben-

vida, e con ela, un agarimosa saúdo, do que lle pido que faga partecipe aos seus compañeiros da nosa benquerida Irmandade Galega de Mendoza. Que iles, alí a beira dos Andes, reciban a mostra do noso afeto.

A presenza das donas, que honran e adornan ista mesa, obriga a miña gratitude, que desexo formular coa máis viva satisfacción; e, séxame permitido adicar os meus máis ferventes votos a señora Cacheiro, que comparte n-iste intre a nosa alegría, e, a cotío, as nosas inquedanzas e as nosas arelas.

A labourea que, con firmeza, con outo senso patriótico e con fino tacto, ven levando a cabo a Irmandade Galega de Mendoza, merece a nosa loubanza; e por ela, eu felicito de todo corazón ao Irmán Cacheiro: a iste fidalgo galego de corpo ergueito i-esprito ergueito, e n-íl a todos os irmandíños de Mendoza, que, coma bós e xenerosos que son, saben honrar o nome de Galiza, espaxar os resplandores da nosa cultura e afirmar a personalidade da Patria Galega.

Irmán Presidente da Irmandade Galega de Mendoza; señora Cacheiro: eiquí en Bos Aires, no seo distas sociedades eiquí representadas, e d-un xeito especial nos curazóns dos presentes, quedará un moi grato recordo da vosa visita, d-istes intres que convivimos con voseo, e do afervorado cariño a Terra que preside esta cea que nos fai máis irmáns e máis felices".

O señor Alonso Ríos, apunta tres circunstancias auspiciosas: o estreno do Pazo Galego, que sinala un avance cara as nosas arelas culturais sociais e patrióticas; a designación de Castelao coma ministro en representación de Galiza, que impón o concepto i-o respecto da personalidade nacional galega; ia presenza da representación dos irmandíños de Mendoza, onde a paisaxe i-o ambiente parecen naturalmente axeitados e propicios para que alí prenda e froleza a nosa saudade e a nosa lírica.

Recorda o señor Alonso Ríos a imborrábel impresión deixada n-íl pol-os aitos do Día de Galiza, a que asistiu, e polo recibimento que os irmandíños de Mendoza lle dispensaron ao seu paso para México. Eisaíta a personalidade do señor Cacheiro e a labourea intelixente e patriótica da Irmandade de Mendoza; e ten verbas de agradecimento e loubanza para a señora Cacheiro que, aínda que na cida a beira do Báltico, atópase identificada co noso ambiente.

A pedido da concurrencia, fala Castelao pondo a pincelada do seu delicado humorismo no relato desas cousas sinxelas as que il

sabe arrincar o máis outo sinificado. Fixo notar que os santos que máis moven a devoción do povo galego, non son santos canonizados. O que podería atopar, n-outro terreo, un correlativo: o idioma que fala o povo non é idioma oficial. E a concusión sería: que en Galiza soio alcanzan un recoñecemento oficial as cousas alleas. Así o apóstolo San Iago usurpoulle o posto a Prisciliano, e o código civil anda a empurróns co noso dereito consuetudinario.

Refírese ao homenaxeado pondo de bulto os seus grandes méritos, a súa rexa galeguidade e o acerto da súa acción como Presidente da Irmandade de Mendoza. "Con intelixencia crara e templa de fidalgo galego vai amostando coa verba ilustre e coa aitude diña, a Galiza inmorrente que trunfa da lenda negra e da mentira histórica".

O señor Cacheiro levántase para agradecer no medio dos aplausos dos comensales.

O señor Cacheiro Rei, nunha moi elocuente improvisación, eis presou o seu agradecimento, puntualizou o senso patriótico i-altivo que il se propuxo darlle a Irmandade de Mendoza, a solidariedade, a tónica común i-a subordnación a unha central — que il estima que, por gravitación de mografía e por tradición corresponde a Bos Aires — que debe presidir a todo o movemento irmandiño de América.

No seu agradecimento foi puntualizando a presenza das persoalidades representativas, estimando coma un especial honor a asistencia do Consello de Galiza encabezado pola grande figura de Castelao, para o que tivo verbas de acatamento cariño e fondo respecto. Fixo mérito das demais de-



O irmán Cacheiro agradecendo a demostración

legacions e tivo espresions da máis delicada galantería para sinificar a emoción que lle producía a xentil presenza das damas que os honraba a súa dona i a il coa súa grata compañía. No nome dos seus compañeiros da Irmandade de Mendoza — dixo — podía aceptar un agasallo de tan outa sinificación, que, en canto a il, xuzgaba inmerecido.

O belido parágrafo no que dou forma a isas manifestacions da máis delicada modestia, foi correspondido polo aplauso unánime dos comensales.

Fixo notar o irmán Cacheiro como se recordaba a Castelao por parte dos irmandíños de Mendoza, e, citando polos seus nomes a Rodríguez Amoedo, a Cobas, a Niel, a Manolo Fernandez, a Calvo i-os demais compañeiros, reseñou como foron acetando as diferencias que "certos representativos a vella usanza" emplean en desconsideración dos outos valo-

res galegos. Diferencias as que os irmandíños de Mendoza, con delicadeza e auto senso da propia diñidade, souberon e saberan decote amostar que non son insensibiles.

Por fin, o agasallado, refírese con todo cariño ao irmán Alonso Ríos, de quen dixo que era o animador espiritual da Irmandade de Mendoza, na que deixara, da súa visita recordos imborrables.

Aínda tivo un recordo agasallado para Rodolfo Prada, tan cordial e benquerido por todos en Mendoza. E fixo referencia as cordias relacións que manteñen cos tatalans, dos que teñen recibido mostras moi delicadas de afecto e distinción, que, pola súa parte, os irmandíños corresponden co meirande placer.

O irmán Cacheiro, que interesau grandemente a todos, recibiu moitas felicitacions e mostras de afecto e de admiración.

O Centro Oresano Agasalla Aos Esposos Cacheiro

O día 27 foron recibidos e agasallados os esposos Cacheiro polas autoridades do Centro Orensano, atopándose no acto toda a plana maior do galeguismo: Consello de Galiza, Comisión de Facenda, Centros Provinciais e Irmandade.

O Centro Orensano, con ise senso fino, asisado, con que sabe en cada intre esportar o sentimento da Terra i-enfortecelo deitandol nil as puras esenciais da galeguidade, entregou ao irmán Cacheiro Rei exemplares con autógrafo da reprodución do cuadro de Castelao titulado "O Gaiteiro", pra seren ouseguados a cada un dos socios da Irmandade Galega de Mendoza, da que o señor Cacheiro é presidente.

Para seren lidas no intre de recibir as estampas de mans do Presidente do Centro Orensano, irmán Luis Guede, o señor Cacheiro trazou as belidas espresions de outo e sinificativo recoñecimento, que deseguida reproducimos. Señor Presidente do Centro Orensano:

Enchido de gratitude recibo de vosas mans este preciado regalo pra os irmandíños de Mendoza.

Nada poidera levar, que aqueles homes —tamén bós e xenerosos, prégovos creólo— recibisen con máis patreótica ledicia; nin nada faría rebulir máis a súa fonda e fervente emoción galega, que esas estampas do noso gran Castelao. A firma que o ilustre guciro da galeguidade puxo en cada unha delas dalles tan outo valor, tan profundo sinificado, que os nosos irmáns de Mendoza han de gardar o voso presente, estade se-

gueros, coa mesma veneración con que se gardan as cousas máis santas.

Porque habedes de saber que alá nos eidos mendociños os nosos galegos teñen feito dos seus peit's verdadeiros santuarios de agarimo e respecto pra quen é, sin disputa, o primeiro cabaleiro de Galiza; e estas magnificas estampas, copias da orixinal e estupenda creación do máis glorioso dos galegos, han de servir, como dixo o poeta "pra falarlle de patrea a os desterrados", e han de presidir, non vos caiba dúbida, fogares de ferventes galeguistas, consagrados por enteiro a o santo ideal da redenzón da nosa Terra.

Agora, ao correr de cada día, os irmandíños cuianos verán nese gaiteiro que plasmon o xenio inimitable de Castelao, un xurdio

heraldo do heroico povo galego, que lles ven a anunciar co a súa gaita —que xa non chora, senón que vibra varilmente— o prouxi-mo día da victoria e a total realización das nosas sarelas de independencia e liberdade da Patrea Galega.

Comprendede, entón, señor Presidente, canto teño que agradecer a vosa fineza; canto teño que agradecer a humildade de que dou provas Castelao, que quixo pñer o seu ilustre autógrafo ao pé de cada unha desas estampas, e canto nos emociona, á miña muller e a min, este acto, que revela a xentileza e cortesía vosa, e que non non merecem's, pero cujo recordo encherá de orgullo toda a nosa vida.

Moitas grazas!



Castelao nun intre da súa humorística charla



A cabeceira do banquete aos esposos Cacheiro

Fragmento do Libro de Castelao Sempre en Galiza

Díxonos Castelao que cando él vivía o doce idioma de Galiza parecían estar tocando as táboas do berce da nacionalidade hespañola. Mellor sería que en vez de dicir "táboas do berce" díxese "táboas do ataúde", porque aquela unidade hispana que se estaba formando baixo a hegemonía do noso romance, foi detida na súa expansión por outra lingua menos culta e máis ousada. A poderosa particularidade de Castela frustrou a nacionalidade hispana, iniciada nos tempos visigodos, e a lingua galega, con todas as súas disposicións culturais — lirismo, humorismo, criticismo, saudosismo —, tivo que retornar aos patrios lares, onde aínda vive ao marxe d'esa entelequia que se ven chamando "nación hespañola". O poder abusivo de Castela puido formar unha estensa nacionalidade central que impuxo os seus módulos ao Estado hespañol; pero esa nacionalidade non é a nosa, porque non fala o noso idioma nin concorda con nós en ningún atributo natural de soberanía. E, polo tanto, nin a lingua galega é o berce da "nación hespañola", que Castela non foi capaz de formar, nin consentimos que se use o apelativo "hespañol" para desinir a particularismo castelán.

